



D^a Margarita Prado Vaamonde

Directora Xeral de RR.HH.

Edificio administrativo de San Lázaro

15781-Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2015

Estimada Directora Xeral:

As Organización Sindicais aquí asinantes comparten o obxectivo común da creación da categoría profesional de enfermaría especialista dentro do Servizo Galego de Saúde e reclamamos que o departamento que vostede dirixe teña unha política de persoal acorde ao desenvolvemento profesional da enfermaría.

A administración sanitaria non se pode permitir o luxo de formar a profesionais especialistas de enfermaría e logo non ofrecer unha saída laboral real e acorde coa súa formación, facendo así un uso deficiente do diñeiro público invertido para formar a estes profesionais.

As Organización Sindicais solicitamos que se nos convoque a unha reunión o antes posible para avanzar neste tema tan transcendente, despois de que na última reunión feita en Xullo da comisión técnica de especialidades de enfermaría a administración expuxo o seu compromiso de creación da categoría profesional antes de que rematara o ano 2014.

Esperando recibir unha contestación o antes posible, reciba un cordial saúdo.

Atte.

CCOO: Ángel Cameselle Corbacho (Secretario Xeral de Galicia)

CIG-SAÚDE: María Xosé Abuín Álvarez (Secretaria Nacional)

UGT: Javier Martínez Fente (Secretario Autonómico)

CSI-F: Daniel Otero Castiñeira (Presidente do sector de sanidade)